

ILMO. CONCELLO
DE CAMBADOS

Expte. Deputación: 2020029151	Expte. Subv.: 118/2018	Expte. Subvención (desistencia/concesión): 1516/2020	Expte. Contratación: 3271/2020
Tipo de contrato: OBRAS			
Obxecto do contrato: MELLORA CAPA RODADURA VIAL ACCESO A DEPURADORAS POLA COSTA			
Procedemento de contratación: Aberto simplificado.			
Tramitación: Ordinaria.			
Código CPV: 45233222-1Traballos de pavimentación e asfaltado			
Prezo estimado: 81.247,25 €		IVE: 17.061,92 €	
Orzamento base de licitación: 98.309,17 €			
Duración: 20 días			

PRIMEIRO.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE. A vista do establecido nos artigos 28.1 e 116.4 da LCSP, a necesidade da realización do presente contrato xustifícase:

De conformidade co establecido no artigo 25 d), da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local o Concello ten a competencia na “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Tal e como se desprende da memoria do proxecto redactado polo Enxeñeiro, D. Gabino Grande Toro, da empresa “CERES, S.L.”, actualmente a pista, á que teñen como acceso as depuradoras de moluscos dende o porto de Tragove, está executada en xabre compactado, tratándose dun vial cun alto índice de tráfico.

Cada ano e durante a tempada de chuvia, este vial convértese en intransitable pola cantidade de fochancas que se forman ao longo de todo o seu trazado, ocasionando múltiples queixas polos seus usuarios (transportistas e propietarios das depuradoras).

O Concello en reiteradas ocasións ocupouse de rechealas pero, ao ser a capa de rodadura de xabre, a solución non é definitiva, polo que se necesita dotalo dun pavimento acorde coa actividade industrial que nesa zona se leva a cabo.

Hai que ter en conta que, os camiões que circulan polo vial son de gran tonelaxe e dan saída aos produtos das distintas depuradoras instaladas nas inmediacións, sendo esta actividade un dos motores económicos do Concello, polo que se debe solucionar o problema que se carrega dende hai moitos anos.

Xustifícanse as obras pola necesidade de dar unha solución aos usuarios deste vial, mellorando a capa de rodadura, a seguridade e as condicións da circulación.

SEGUNDO.- OBXECTO DO CONTRATO. O obxecto do contrato, en cumprimento do disposto polos artigos 99 e 231 da LCSP, atópase definido no proxecto das obras de “**MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO VIAL DE ACCESO ÁS DEPURADORAS POLA COSTA**”, redactado polo Enxeñeiro, D. Gabino Grande Toro, da empresa “CERES, S.L.”





ILMO. CONCELLO
DE CAMBADOS

MEMORIA DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN



A actuación executarase no vial seguintes:

Vial de acceso ás depuradoras pola costa.	Tragove – Corvillón - Cambados
<p>As obras vanse realizar nunha pista que parte dun dos viais do Porto de tragove e entronca coa estrada provincial EP-9004, no lugar de Tragove, Parroquia de Corvillón. Trátase de terreos pertencentes ao Dominio Público Marítimo Terrestre e actúase unicamente entre a liña de deslinde marítimo terrestre e a liña de ribeira mar. O vial forma parte da parcela catastral coa referencia 36006A007090100000OY (Parcela 9010 – Polígono 7).</p>	

O proxecto contempla a realización dos traballos seguintes:

A actuación principal consiste na mellora da capa de rodadura dun vial nunha lonxitude 1.160 m, cunh ancho de 7,00 m, aínda que existen zonas onde a anchura será inferior debido a distancia entre a liña de ribeira mar e a liña de deslinde marítimo terrestre.

- Fresado de 5 cm. en 389 m2. de pavimento de formigón situados en dúas zonas no trazado actual do vial.
- Desbroce de e limpeza de terreo nunhas zonas onde se estreita moito o camiño, para aumentar o trazado do actual vial, pero sempre dentro do dominio público marítimo terrestre.
- Refino e rasanteo dunha superficie de 8.600 m2 en toda a base do vial.
- Reparación de todos os fochancas existentes no vial realizado con pedra 32/63 e rega de 2 Kg/m2. de ECR-2.
- Subbase de pedra 32/63 e tratamento semiprofundo en dúas zonas puntuais do actual vial.
- Pavimentado de todo o vial (8.600 m2) con capa de 5 cm. de mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SURF 50/70 d, incluso rega de adherencia con 1 Kg de emulsión tipo ECR-2.
- Recalces de 3 ud. de tapas de rexistro existentes no trazado do vial, con dados de formigón.
- Instalación de 3 ud. de redutores de velocidade circulares para unha velocidade máxima de 50 Km/h. Cunha lonxitude total da base de 5,30 m. e unha altura de 8 cm. , realizado con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SURF 50/70 d.
- Sinalización horizontal e vertical próxima a os 3 redutores de velocidade a instalar.

Por outra banda, o Concello de Cambados non poderá acometer por si mesmo a obra ao non dispoñer de medios persoais e materiais axeitados para cubrir as necesidades que se tratan de satisfacer coa presente contratación.

TERCEIRO.- O proxecto das obras de “**MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO VIAL DE ACCESO AS DEPURADORAS POLA COSTA**”, foi supervisado e aprobado por Decreto desta Alcaldía 2020-0725, de data 02/07/2020.

Investimento total segundo se desprende do proxecto:

Execución material		68.275,00
13% Gastos xerais	8.875,75	
6% Beneficio industrial	4.096,50	12.972,25





ILMO. CONCELLO
DE CAMBADOS

MEMORIA DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN



Valor estimado	81.247,25
21% IVE	17.061,92
Presuposto base licitación	98.309,17

CUARTO.- DIVISIÓN EN LOTES. En base ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non procede a división en lotes do obxecto contrato en base ao informe do Técnico Municipal, unido ao expediente de contratación 3271/2020.

QUINTO.- FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO.- No expediente de subvención nº 1516/2020, consta a notificación da resolución concesión de axuda pola Excm. Deputación Provincial, por importe **98.309,17 €**, para as obras de “**MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO VIAL DE ACCESO ÁS DEPURADORAS POLA COSTA**”, outorgada ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019 – Anualidade 2018).

Queda polo tanto acreditada a plena dispoñibilidade dos financiamentos externos, de conformidade co establecido no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público.

INVESTIMENTO ANUALIDADE 2018	Nº EXPTÉ.	IMPORTE SUBVENCIÓN	PORCENTAXE FINANCIAMENTO
MELLORA CAPA RODADURA VIAL ACCESO A DEPURADORAS POLA COSTA.	2020029151	98.309,17	100%

A referida axuda que foi aceptada por Decreto de Alcaldía nº 2020-0969, de data 13/08/2020.

SEXTO.- ELECCIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN. O Concello de Cambados non dispón de medios nin materiais nin persoais para acomete-las obras por si, polo que resulta necesario tramita-lo correspondente expediente para a contratación das mencionadas obras.

Á vista do establecido no artigo 159.1 da LCSP, o contrato adxudicarase por **procedemento aberto simplificado**, dado que o valor estimado do contrato (81.247,25 €) non supera a cantidade de 2.000.000,00 €.

Prezo estimado do contrato	81.247,25
----------------------------	-----------

En Cambados.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

